

Servizo de Orientación Laboral



Rúa da Capela nº 13, 1º andar
Serra de Outes - CP 15230 - Outes
☎ 981 851 094
✉ orientacion.laboral@outes.es



Curro da Praza nº 1
CP 15250 - Muros
☎ 981 826 050 (ext 101)
✉ orientacion.laboral@outes.es

CONVOCATORIA DO PROCESO DE ACREDITACIÓN DE COMPETENCIAS PROFESIONAIS ADQUIRIDAS A TRAVÉS DA EXPERIENCIA LABORAL EN DETERMINADAS UNIDADES DE COMPETENCIA DO CATÁLOGO NACIONAL DE CUALIFICACIÓN PROFESIONAIS

A Xunta de Galicia publica a Orde do 4 de decembro de 2018 pola que se convoca o proceso de acreditación de competencias profesionais adquiridas a través da experiencia laboral e/ou a formación non regrada, na Comunidade Autónoma de Galicia, en determinadas unidades de competencia do Catálogo nacional de cualificacións profesionais.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES: O prazo de presentación de solicitudes será dende o **14 de xaneiro ata o 7 de febreiro de 2019**.

REQUISITOS XERAIS:

- Posuír a nacionalidade española, dispor do certificado de rexistro de cidadanía comunitaria ou da tarxeta de familiar de cidadán da U. E., ou ser titular dunha autorización de residencia ou de residencia e traballo en España.
- Ter **18 anos** cumpridos no momento de realizar a inscrición, para unidades de competencia correspondentes a cualificacións de **nivel I**, e ter **20 anos** para as unidades de competencia de **nivel II e III**.
- Ter **experiencia laboral e/ou formación** relacionada coas competencias profesionais que se queiran acreditar:
 - **Experiencia laboral:** xustificar polo menos **3 anos**, cun mínimo de **2.000 horas** traballadas en total, nos últimos **10 anos**, para unidades de competencia de **nivel II e III**. Para unidades de competencia de **nivel I**, xustificarán polo menos **2 anos** cun mínimo de **1.200 horas** traballadas en total.
 - **Formación:** xustificar polo menos **200 horas** para unidades de competencia de **nivel I**, ou **300 horas** para as unidades de competencia dos **niveis II e III**, nos últimos **10 anos**.
- As persoas candidatas **non poderán estar matriculadas nin cursando** simultaneamente un **curso de formación profesional inicial** (ordinaria ou modular), **nin para o emprego** conducente á acreditación das unidades de competencia en que soliciten a súa inscrición.



Servizo de Orientación Laboral



Rúa da Capela nº 13, 1º andar
Serra de Outes - CP 15230 - Outes
☎ 981 851 094
✉ orientacion.laboral@outes.es



Curro da Praza nº 1
CP 15250 - Muros
☎ 981 826 050 (ext 101)
✉ orientacion.laboral@outes.es

- Tampouco poderán estar en posesión dun título de formación profesional ou dun certificado de profesionalidade que conteña a/as unidade/s de competencia que solicita. Tampouco estar inscritas noutro procedemento de recoñecemento de experiencia profesional, ou probas libres para a obtención do título de FP.
- **As persoas maiores de 25 anos** que cumpran os requisitos de experiencia laboral ou formativa e non poidan xustificalos mediante os documentos sinalados, poderán solicitar a súa **inscrición provisional no procedemento**, sempre e cando presentaran a xustificación mediante algunha proba admitida en dereito, da súa experiencia laboral ou das aprendizaxes non formais de formación.

Importante

- **A solicitude** de participación no procedemento **deberá presentarse obrigatoriamente por vía electrónica na sede electrónica da Xunta de Galicia** (<https://sede.xunta.gal>) e **requerirá cubrir previamente os datos na aplicación informática que se atopa no enderezo** www.edu.xunta.es/acreditacion, dende onde deberá xerarse o formulario normalizado. **Esta aplicación estará activa a partir do 14 de xaneiro de 2019.**
- Os datos relacionados coa documentación xustificativa do historial profesional e/ou formativo e dos requisitos de participación no procedemento deberán cargarse na devandita aplicación informática.
- Só serán aceptadas as solicitudes que sexan entregadas por sede electrónica. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

Para máis información:

- Ligazón a normativa:
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2018/20181214/AnuncioG0534-071218-0001_gl.html
- Contactar coa orientadora laboral:

Curro da Praza nº 1 (Muros)

Teléfono: **981 826 050, ext 101**

Atención ó público: Luns e martes de **08:30 a 14:30 h**

